ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
CURSO 2019-2020

RELIXIÓN CATÓLICA
C.R.A. DE RIANXO
2º CURSO DE PRIMARIA

(Docente: Celia Piñeiro García)

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia

2º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe
- Mostrar interese pola escoita de relatos bíblicos que dan sentido ás festas relixiosas. - Comparar situacións moralmente positivas ou negativas no contorno infantil. - Aplicar os contidos en relación con comportamentos e situacións da vida persoal e social. - Describir os trazos que caracterizan as relacións entre pais/nais e fillos/fillas. - Observar os aspectos máis característicos das relacións familiares e a súa relación coa mensaxe cristiá. - Expresar os contidos en relación coa vida diaria e coas linguaxes da fe cristiá. - Aplicar os contidos estudados en cada unidade ao desenvolvemento das competencias. - Desenvolver a confianza na familia, nos compañeiros da clase e nas persoas que nos rodean. - Mostrar interese polo sentido cristián da convivencia. - Valorar as normas que, desde a perspectiva da fe cristiá, regulan a conduta na nosa relación cos demais. - Estar disposto a pedir perdón e a perdoar. - Manter unha actitude de amor e gratitude cara aos pais. - Interese por descubrir aplicacións prácticas do estudado para a vida persoal, social, relixiosa e eclesiástica.	- Sabe que a creación e a vida son un regalo de Deus aos homes. - Descobre, a través da observación da natureza e do seu corpo, a obra de Deus na Terra. - Observa e recolle datos relacionados coa relixiosidade do seu entorno (palabras, cancións, celebracións populares, obras de arte, etc.). - Toma conciencia da realidade de Deus como pai para os homes e establece un paralelismo coa paternidade/maternidade e fraternidade humanas. - Identifica e aprecia as principais festas cristiás sobre Xesús e María. - Sitúa e describe relatos evanxélicos sobre a vida da Virxe María a través dos elementos relixiosos que aparecen no seu contorno. - Recoñece nas figuras de Xesús e de María os protagonistas destacados da historia da salvación. - Valora a Xesús e a María como modelos exemplares de vida. - Sabe que a Igrexa é a gran familia de Deus e observa os elementos que a constitúen. - Toma conciencia do fundamento cristián da celebración do Nadal. - Coñece o sentido cristián da Semana Santa. - Descobre a Biblia como Palabra de Deus. - Recoñece a revelación de Deus na Biblia como pai, creador e misericordioso. - Sinala a principal mensaxe cristiá do Nadal. - Recoñece algunhas das principais ensinanzas de Xesús nos Evanxeos e nas parábolas. - Sinala algunhas expresións a través das cales as persoas manifestan o seu amor a Deus. - Recoñece o acontecemento da resurrección de Xesús. - Identifica o concepto de ceo en relación coa fe cristiá na vida eterna. - Relaciona os Dez Mandamentos coa convivencia diaria.

ADAPTACIÓN: os elementos destacados en vermello non foron traballados no presente curso durante o período lectivo presencial polo que quedan eliminados da programación. A avaliación será continua, global, formativa e integradora e terase en conta o progreso do alumno/a ao longo do todo o curso.